

En Vigo, a 7 de novembro de 2023

Benquerido/a deportista,

Coma vicepresidente da Fundación VIDE e concelleiro de Deportes de Vigo, teño o pracer de informarte, que unha tempada máis, poñemos en marcha a convocatoria de **“Axudas a Deportistas Vigueses e Viguesas de Base de Modalidades Deportivas Individuais 22/23”**.

Estas axudas van destinadas ao fomento da práctica deportiva e teñen coma finalidade a aposta polo deporte de base da cidade e o apoio as disciplinas nas que prima a competición individual.

Recoñecendo a túa capacidade de sacrificio e esforzo a prol do deporte, emprázote a solicitar esta axuda da que poderías beneficiarte para costear parte dos teus gastos no desenvolvemento da túa actividade deportiva.

Adxunto as bases e a documentación necesaria para a súa presentación telemática ([vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)) ata o día **21 de novembro de 2023**.

Os meus mais cordiais saúdos,



Manel Fernández  
Vicepresidente Fundación VIDE